

- ✓ O 29 de xuño tivo lugar a Venture Academy que, como novidade desta edición, impartíuse aos emprendedores participantes en VCN.

As ideas que, xunto coa idea gañadora da Startup Weekend Galicia, foron presentadas directamente polos seus promotores no encontro son as seguintes:

1. A Secret Plane (rede social profesional)
2. Binaurality – escoita e aprende (aplicación para formación en idiomas)
3. Brainstorming Business (xestión online de comunidades de veciños)
4. eLaboro (mecanización de procesos – eAdministración)
5. Insati (servizos de eHealth)
6. NikiNiko Mobile AR (realidade aumentada)
7. Teimas (site xestión de residuos)

Ademais destes, houbo tres emprendedores invitados que presentaron directamente a súa idea de proxecto:

Ao resto de emprendedores dóuselles a posibilidade de presentar o seu proxecto aos inversores asistentes a través dun *book* que se entregou durante o encontro.

O encontro contou coa presenza de Inmaculada Martínez, Partner de Opus Corporate Finance LLP e Presidenta de **TechTour**, que durante o mesmo se encargou de **seleccionar unha das startups de VCN** como parte dos finalistas do evento de Southern Europe Tech Tour, que tivo lugar do 30 de novembro ao 2 de decembro de 2011 entre Bilbao e Roma. No marco de TechTour reúnen os inversores en TIC máis importantes de Europa para analizar oportunidades de inversión.

Así mesmo, contouse coa participación activa dos **fondos de inversión** Active Venture Partners, Bullnet, Emmergia, Enisa, Everis, FDI, G8 Capital, Going, Highgrowth, Inveready, Perennius, Tech Tour e VitaminaK, así como unha ampla representación galega a través de Knowledge Investors, RedInvest, Uninova, Uninvest & Unirisco e VentureWell.

Workshop con MeteoGalicia, en colaboración coa Plataforma i+DEA e o CESGA

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2011

Vindeira organizou en Santiago este Workshop, no que participaron os representantes dos Grupos de Traballo de Mobilidade e Sistemas de Información Xeográfica de Vindeira.

Neste Workshop presentáronse os servizos que MeteoGalicia está desenvolvendo e plantexouse a súa posible utilización por parte de terceiros. Vindeira invitou a MeteoGalicia a adherirse á plataforma para dar comezo a colaboracións máis concretas no marco de algún dos seus proxectos.

Xornadas de Brainstorming

Santiago de Compostela, 12 e 29 de maio

Xornadas nas que representantes de distintas entidades adheridas a Vindeira, co obxectivo de xerar e desenvolver ideas estratéxicas para o sector TIC galego que se poidan materializar en proxectos colaborativos de I+D+i (Santiago, 12 de maio de 2011 e 29 de maio de 2011).

Como consecuencia das reunións de *brainstorming* elaborouse un documento coas principais Iniciativas Estratéxicas do Sector TIC, que se perfila como a nova axenda estratéxica de Vindeira. Actualmente está en proceso de confirmación dos seus obxectivos científicos por parte de Gradient, CESGA y CITIC.

Participación na Feira Internacional de Medicina e Saúde (FEIMESA)

A Coruña, 20 a 22 de outubro



Vindeira participou cun stand nesta feira con marcada orientación médica, celebrada na Coruña do 20 ao 22 de outubro de 2011. No stand expuxeron as súas capacidades os integrantes do Grupo de Traballo TIC-Saúde. Nesta feira reuníronse especialistas, investigadores, Cámaras de Comercio e empresarios do sector da saúde a nivel mundial. Abordáronse temas como a sustentabilidade do Sistema Sanitario en España, a discapacidade, dependencia e maiores e a investigación, desenvolvemento e innovación en medicina e

tecnoloxía sanitaria, contando este último punto cun espazo dedicado ao desenvolvemento e implementación de software.

Encontro con representantes da Red Andaluza de Desarrollo Estratégico Urbano y Territorial (RADEUT)

Vigo, 25 de novembro



Servicio Andaluz de Empleo
CONSEJERÍA DE EMPLEO



No marco do proxecto “Clusteremplea. Fórmulas innovadoras na xeración de emprego: un enfoque clúster”, no que participa Vindeira como parte das entidades colaboradoras, proxecto iniciado no 2009 e financiado con fondos europeos no 2010 polo programa *Euroempleo*. Neste encontro tratáronse aspectos coma o impacto das TIC na xeración de emprego e o desenvolvemento rexional a través de accións de I+D+i.

2. Publicacións e documentos/informes elaborados por Vindeira

- **Catálogo de Capacidades de Grupos** de Investigación das tres universidades galegas (en proceso).
- **Catálogo internacional de clústers e organismos intermedios en TIC Saúde e Fogar Dixital** (xuño 2011).
- **Proposta Vindeira Fogar Dixital Asistencial:** Servizos Asistenciais no Fogar Dixital (xullo de 2011). Elaboración do documento Fogar Dixital Asistencial presentado á SXMIT (setembro 2011).
- Documento "**Iniciativas Estratéxico-Tecnolóxicas propostas polo sector TIC de Galicia**" coas aportacións realizadas polos Centros Tecnolóxicos Cesga, Gradient e CITIC sobre as súas liñas de I+D relacionadas (xullo de 2011). Definición dos mecanismos estratéxicos de financiación e elaboración da nova **Axenda Estratéxica de Vindeira** a partir dos documentos *Iniciativas Estratéxicas do Sector TIC* e *Estratexia de Financiación do Sector TIC*, ambos elaborados por Vindeira.

3. Eventos con presenza da Secretaría Técnica de Vindeira

- Sesión de traballo organizada pola SXMIT acerca do Plan de Acción 2011, no que se abordaron as axudas ao sector TIC, a posta en marcha do Centro demostrador TIC e os programas para avanzar posibles solucións tecnolóxicas no ámbito socio-sanitario (Santiago, 3 de febreiro de 2011).
- Presentación do "Plan I2C - Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015" (Santiago, 11 de febreiro de 2011).
- Infoday sobre o Programa CIP ICT-PSP, organizado pola Comisión Europea (Bruxelas, 28 de febreiro de 2011). *Seguemento por streaming de video.*
- Presentación do "Mapa de capacidades tecnolóxicas do ecosistema TIC de Galicia no ámbito socio-sanitario", organizada pola SXMIT (Santiago, 21 de marzo de 2011).
- Xornada "Oportunidades para as PEME en Europa", organizada pola OPIDI (Ferrol, 30 de marzo de 2011).
- Presentación do "Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 (I2=C)", organizada pola CEG (Santiago, 1 de abril de 2011).
- Xornada "Acceso ao Crédito, Internacionalización e Axudas á Innovación" organizada polo IGAPE (Santiago, 8 de abril de 2011).
- Xornada "Posibilidades de Financiamento para Proxectos Colaborativos Academia-Industria a través do VII Programa Marco", organizada pola UVIGO no marco do proxecto RED incoPYME (Vigo, 12 de abril de 2011).

- Xornada "Máis alá do Sétimo Programa Marco", organizada pola Dirección Xeral de I+D+i en colaboración coa Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia (Santiago, 4 de maio de 2011).
- Reunión Interplataformas, promovida pola Plataforma Loxisga, á que asistiron as Plataformas Tecnolóxicas dos sectores automoción, naval, madeira, materiais, acuicultura, audiovisual, textil e agroalimentario (Santiago, 10 de maio de 2011).
- Reunión Sector TIC, organizada pola SXMIT (Santiago, 15 de xuño de 2011).
- Mesa de debate "Proposta de Estratexia de Financiamento do Sector TIC para o 2012", organizado polo Clúster TIC (Santiago, 28 de xullo de 2011).
- Workshop "Investment Readiness: Búsqueda de Financiamento para Empresas Tecnolóxicas", organizado pola Universidade de Santiago de Compostela en colaboración coa Xunta de Galicia (Santiago, 22 de setembro de 2011).
- Xornada "Instrumentos de Financiamento para Startups Innovadoras: Capital Risco e Business Angels", organizada polo IGAPE no marco do proxecto europeo AT VENTURE, contando coa participación do Director Xeral de I+D+i, o Director de Xesgalicia e representantes de ENISA e do CDTI (Santiago, 29 de setembro de 2011).
- Constitución da Rede Española Matemáticas-Industria: math-in.net, organizado polo Nodo CESGA (Santiago, 30 de setembro de 2011).
- Xornada Update 7, organizada por BIC Galicia, a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) e Infomanía, en colaboración co IGAPE e Novacaixagalicia (Vigo, 8 de novembro de 2011).
- Xornada "Presentación de oportunidades de financiamento empresas-centros públicos de investigación", organizada pola UVIGO, coa participación do CDTI (Vigo, 16 de novembro de 2011).
- Xornada "Cofinanciamento a través do CDTI", organizada pola UVIGO, coa participación do CDTI (Vigo, 22 de novembro de 2011).
- Xornada "MeM: Mejoras para Mejores Empresas. Entornos Innovadores", organizada na Fundación Barrié (Vigo, 23 de novembro de 2011).
- Presentación do programa Feder-Innterconecta Galicia, organizado pola Xunta de Galicia (Vigo, 28 de novembro de 2011).
- Presentación *Programa de Formación Integral para o Emprendemento* da Universidade de Vigo (Vigo, 20 de decembro de 2011)

4. Reunións dos Grupos de Traballo Tecnolóxicos de Vindeira

- ✓ **Grupo de traballo de TIC-Saúde:** 3 reunións (03-02-11 / 06-07-11 / 06/10/11)
- ✓ **Grupo de traballo de Mobilidade:** 6 reunións (13-01-11 / 03-02-11 / 03-03-11 / 14-04-11 / 05-05-11 / 30-06-11)
- ✓ **Grupo de traballo de Fogar Dixital:** 9 reunións (13-01-11 / 03-02-11 / 03-03-11 / 14-04-11 / 05-05-11 / 30-06-11 / 6-10-11 / 2-11-11 / 16-11-11)
- ✓ **Grupo de traballo de Tecnoloxías Informáticas:** 1 reunión (09-02-11)
- ✓ **Grupo de traballo de Tecnoloxías de Información Xeográfica:** 3 reunións (18-01-11 / 14-04-11 / 19-05-11)

Recentemente, no Comité Executivo de 15 de novembro de 2011 aprobouse a creación do **Grupo de Traballo Tecnolóxico Smart Cities**, o cal iniciará a súa actividade a comezos do ano 2012.

Independentemente dos anteriores, hay outros dous **grupos de traballo non tecnolóxicos** (Grupo de Start-up Tecnolóxicas e Grupo de Inversores) cuxa actividade se centra en torno a VCN.

Así mesmo, realizáronse reunións con grupos privados para a presentación de proxectos concretos, como é o caso do grupo privado Fogar Dixital Asistencial (HDA).

Por outro lado, a partir de xaneiro de 2012 Vindeira colaborará coa Plataforma Tecnolóxica Galega Agroalimentaria a través do **Grupo de Traballo "Tecnoloxías de Información e Comunicación e Alimentos"**, grupo que pretende explorar as posibilidades das TIC como motores do desenvolvemento do sector alimentario galego e no que participarán entidades de ambas plataformas, sendo o líder do grupo unha entidade de Vindeira.

5. Reunións do Comité Executivo de Vindeira

No ano 2011 leváronse a cabo 8 reunións do Comité Executivo, as cales tiveron lugar nas seguintes datas:

- Día 13 de xaneiro de 2011
- Día 3 de marzo de 2011
- Día 7 de abril de 2011
- Día 8 de xuño de 2011
- Día 20 de xullo de 2011
- Día 15 de setembro de 2011
- Día 10 de novembro de 2011
- Día 15 de decembro de 2011.

6. Canais de difusión da información

- Páxina web <http://www.vindeira.org/> , co Mapa de convocatorias de interese, resúmenes de convocatorias de interese, repositorio de documentos, calendario de eventos, zoas privadas de traballo para os Grupos de Traballo (Workspaces; calendario, xestor de arquivos, xestor de tarefas, foros, timelines...) e Newsletter semanal.
- Canales Twitter: [@Vindeira](#) e [@VindeiraCapital](#)
- Boletín semanal electrónico *Breves Vindeira* co seguinte contido:
 - Noticias e anuncios de Vindeira
 - Vindeira Capital Network
 - Noticias de Interese
 - Subvencións e axudas financeiras
 - Búsquedas de socio
 - Eventos e cursos
 - Artigos
 - Publicacións e informes

Vigo, 23 de decembro de 2011